


Dende 1.963...

...ata



PAZ valentín
ANDRADE

UNHA VIDA POLIFACÉTICA.

Naceu en Lerez, arrabalde de Pontevedra, e licenciouse en Dereito por Compostela. Exerceu a avogacía en Vigo desde 1921, vinculado ó mundo empresarial. Estivo de sempre relacionado co sector pesqueiro galego, ó que contribuíu con numerosos estudos. Dentro deste ámbito, desempeñou misións de asesoramento, participou en congresos e ditou conferencias.



Galeguista desde moi novo, tivo desde cedo unha importante actividade política. Dirixiu o periódico "Galicia" [1922-26), foi candidato ás Constituíntes, substituíu a Castela, desterrado en Badallousa, na Secretaría do Partido Galeguista, participou activamente na campaña do Estatuto do 36 dende as páxinas de "El Pueblo Gallego". Triunfante en Galicia a rebelión militar, estivo desterrado en varios lugares de Ourense, ata o seu retorno definitivo a Vigo.

UNHA VIDA LITERARIA.

Valentín Paz-Andrade pertence, por cronoloxía e afáns, ao grupo novecentista, tamén denominado Xeración de 1925, un conxunto de poetas nados arredor do ano 1900 que tivo como principal profesión de fe renovar e introducir na modernidade a poesía galega. Foi este, no entanto, un grupo moi heteroxéneo, no que as circunstancias persoais de bo número dos seus membros, así como os acontecementos históricos, frustraron moitos dos horizontes por eles anhelados.



Valentín Paz-Andrade non dará ao prelo o seu primeiro poemario ata 1955, ano en que, en Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, publica, en edición bilingüe con tradución ao castelán de María Villarino, Pranto matricial, un canto elexíaco á memoria do seu amigo admirado Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

De 1968 é o seu segundo libro de poemas, *Sementeira do vento*, publicado na colección Salnés da Editorial Galaxia. Compoñen este poemario catro libros autónomos nos que inclúe poemas compostos en distintas épocas da súa vida, sendo un deles Pranto matricial, que ten así unha segunda edición.




Antes do seu falecemento, Valentín Paz-Andrade aínda publicaría un terceiro libro de poemas, o máis persoal e libre de todos os seus textos poéticos editados: *Cen chaves de sombra*, que sae á luz, baixo o selo editorial de Edicións do Castro, en 1979. Abre este poemario un limiar do tamén poeta Lorenzo Varela (homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2005), quen igualmente o pecha cun epílogo poético.

Valentín Paz-Andrade foi autor dunha extensísima obra poética que permaneceu inédita ata hoxe, pero que verá a luz con motivo da homenaxe que se lle tributa este ano nunha edición que se está a preparar da súa obra poética completa. Será, polo tanto, a ocasión non só de redescubrir esta figura senlleira das nosas letras senón de recuperar para a cultura de noso unha voz única que permaneceu muda, en boa medida, durante décadas.

ENSAIOS, POEMAS, NARRATIVA...

Castelao na luz e na sombra. **Autor:** Valentin

Paz-Andrade



Pranto Matricial. **Autor:** Valentín Paz-Andrade.

Data de publicación: 1955

Escrito in memoriam de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao que finou en Buenos Aires o 7 de xaneiro do 1950, a obra ten seis poemas: "O que todo galego choraría", "Door da paisaxe", "A terra e os sinos", "Ala lonxe", "Teu destiño" e "Cando ti volvas".



Sementeira do Vento. **Autor:** Valentin Paz-Andrade.

Data de publicación: 1968.

Cen claves de sombra. **Autor:** Valentin Paz-

Andrade.**Data de publicación:** 1979



Soldado da morte

Autor: Valentín Paz-Andrade. **Data de publicación:** 1921. **Medio:** Inédita. Novela inacabada, inédita.

ESCOLLA DE POEMAS

O QUE TODO GALEGO CHORARÍA

*Chora, terra, teu pranto
das augas, e dos eídos, e dos ares,
as vivas páreas cósmicas da raza,
en mantelo de brétemas envoltas,
que noso fin ao noso orixe ligan.
Deita nas áurías leiras do
hourizonte
labradas de solpores e de abrentes,
en adoas de luz a debullarse,
as sementes feridas de túa door.
Arpa de nobres cordas esquecidas,
ceiba teu son no curazón retido,
e fai acordés en total latexo
almas, paxaros, ríos e paisaxes.*

*Chora terra teu pranto xeneroso.
O que todo galego choraría,
en roda de multánime silenzo
e ollares abatidos
sobor de longo corpo derrubado
que fora vivo mastro en loita núa;
perto daqueles beizos, seca fonte
da verba nunca dantes máis belida;
do peito petrucial, refrorecido
de mapoulas pampeiras,
que envexan a nacencia das chorimas;
xunto das postas maos voltas ao xelo,
onde a eito agromaron do seu arte,
no cerne da galega patronía,
vizosas primaveiras.*

*Chora, Terra, teu pranto
matricial.
O que todo galego choraría,
se inda chorar pudiera,
até cubrir de bágoas o mare.*

CANDO TI VOLVAS...

*Na matricial galiza sempre túa,
que dende a Torre de Hércules ao Miño
un facho acenderá por cada illa,
cando tí volvas polo mare;
de toxo unha fogueira en cada monte;
cando tí volvas polo mare;
dos castros na coroa unha cachela,
cando tí volvas polo mare;
unha loura candea en cada pino,
cando tí volvas polo mare;
o seu cirio de frouma os alcíprestes,
cando tí volvas polo mare;
lúces de ardora branca en cada mastro,
cando tí volvas polo mare;
un farol mariñeiro en cada dorna,
cando tí volvas polo mare;
velñas á xanela en cada casa,
cando tí volvas polo mare;
e as perolas das bagoas derramadas,
cando tí chegues polo mare;
cando tí chegues polo mare...*

Galiza, 1954

Valentín Paz-Andrade, *Pranto matricial*, 1955

DIN DE VALENTÍN...

Valentín Paz-Andrade, o político galeguista:

“Paz-Andrade contribuyó, creo que máis que nadie aunque no fuese el único, a preservar el futuro. El futuro de Galicia. A acotar el terreno. A decir: “este territorio lo vamos a arar y a cultivar los gallegos. Hoy, o mañana o pasado. Pero nosotros”.

Jordi Pujol

“Foi un grande patriota galego, un grande economista e tamén un grande empresario; ou sexa, que uniu o amor pola cultura galega ao desenvolvemento económico do País... endexamais renunciou á loita polos dereitos políticos de Galicia; o seu exemplo debémolo seguir todos”.

Camilo Nogueira

“Cada un dos seus pasos estaba tinguido de compromiso, Galicia para el era unha utopía realizable”.

Manuel Rivas

Valentín Paz-Andrade, o poeta e escritor:

“O estilo de Paz-Andrade que ás veces serve incluso para amenizar as súas áridas especulacións á marxe literaria, é o que o rescata das limitacións do tratadista para situalo, con todos os dereitos, pero tamén con todas as responsabilidades, na área directa e firme do escritor e do poeta”.

Blanco Amor

Valentín Paz-Andrade, o home de negocios:

“En la internacionalización de las pesquerías, si España jugó un papel importante, no es posible recordarlo sin nombrar a Paz-Andrade”.

Domingo Quiroga

Valentín Paz-Andrade, o home polifacético e amante do mar:


“Alén da súa personalidade xurídica, económica, xornalística, literaria, está a súa achega especificamente política á causa galeguista e democrática”.

Alfonso Álvarez Gándara

XOGA CON:

<°)))><.·'¯\·. VALENTÍN PAZ ANDRADE ,.·'¯\·.,><(((°>

Leva a Valentín ao fin do traxecto.




Letras galegas 2.012

Valentín Paz Andrade →

QUÉ LEMBRAS DA SÚA VIDA?

- 1 Lugar onde naceu.
- 2 Nome do periódico que dirixiu(1.922-26)
- 3 Escritor ao que substituíu na secretaría do Partido Galeguista.
- 4 Profesión que exerceu en Vigo.
- 5 Actividade á que se dedicou dende moi novo.
- 6 Querendo tanto a Galicia foi un gran...



E DA SÚA OBRA?

PRANTO MATRICIAL

SEMENTEIRA DO VENTO

CEN CHAVES DE SOMBRA

DOOR DA PAISAXE

ALA LONXE

CANDO TI VOLVAS

SOLDADO DA MORTE

R	X	Y	Y	M	A	K	R	L	W	E	X	J	T	J	G	O
C	A	N	D	O	T	I	V	O	L	V	A	S	I	H	Z	Y
W	Q	E	C	K	Q	Z	S	K	K	H	P	Z	R	N	K	L
O	O	D	P	Z	T	G	X	V	D	J	J	K	M	I	T	B
P	R	A	N	T	O	M	A	T	R	I	C	I	A	L	C	N
N	X	R	G	S	G	R	V	M	D	E	C	P	S	G	F	X
T	Y	X	O	F	Z	M	I	S	D	T	N	C	C	J	R	G
M	E	X	A	S	I	A	P	A	D	R	O	O	D	J	A	E
W	A	O	Q	A	T	J	I	D	A	L	A	L	O	N	X	E
N	Z	D	Q	O	G	X	V	M	M	F	I	E	K	J	F	C
C	E	N	C	H	A	V	E	S	D	E	S	O	M	B	R	A
S	Y	O	M	X	J	T	W	D	W	E	O	U	X	H	M	K
K	F	R	W	E	S	G	M	I	Q	B	Y	Q	B	A	W	Q
F	P	K	G	W	H	F	U	D	M	Z	H	M	Z	X	Z	I
O	K	D	D	U	G	G	U	B	D	C	P	K	L	J	S	M
O	T	N	E	V	O	D	A	R	I	E	T	N	E	M	E	S
E	T	R	O	M	A	D	O	D	A	D	L	O	S	S	U	E

SUDOKU DE HOMENAXEADOS

Pon o nome dos escritores homenaxeados nos derradeiros seis anos, nos espazos baleiros que corresponda do sudoku:



María Mariño



Xosé María Álvarez Blázquez



Ramón Piñeiro













Uxío Novoneyra



Lois Pereiro



Valentín Paz Andrade

		 2			 4
		 1			
 2					
		 4		 3	 2
	 6			 4	
					 3